

## Poética terbutalina

Enviado o 5 Xullo 2012

Xa está aquí: a nova fornada de *enfants terribles* da década dos dez deste século chegou puntual, como os pardais na súa migración estacionaria. Pero eles non o saben, xaora, e pénsanse abondo orixinais, irrepitibles, ‘auténticos’ e, en certa medida, non lles falta razón, porque nada é perfectamente cíclico e si arresadadamente espiral.

O primeiro exemplar xenuíno entre nós desta peculiar ave literaria para o lustro andante é [Samuel L. París](#) (Muros, 1984), quen xa nos dera un preaviso co e-book *Manual da destrución* (2008). A súa indignada carta de presentación é o poemario impreso *inflamable*, toda unha declaración de principios dende o mesmo título que ve luz, amais, nun selo e nunha colección con tradición subversiva: Di-versos, de Edicións Positivas.

A de París é unha poética de ácidos gástricos, corrosiva e insubordinada, tamén si altamente combustible. Éo na súa temática e na súa estilística, pois a sátira e o sarcasmo respecto dos mundos da política e do *establishment* literario enchoupan cada un dos microporos da celulosa deste libro. Nada se libra da bile en fervenzas que o poeta gasta: nin o goberno que alentou o último “Feixocobeo” nin o conselleiro de educación nin os políticos de fóra como Rosa Díez. E tampouco perde o tempo en veludos cando ten que cuspir ferocísimas críticas a outros poetas (e editores) actuais, aos que se refire de xeito irrespectuoso, talvez cegado por algunha vendetta inconfesable e/ou envexas que non o fan mellor escritor (evito, deliberadamente, dar os nomes dos amentados, pois a ninguén fai favor).

Refrescantes son os moitos versos metaliterarios e as *contrafacta* desacralizadoras das que se serve este baixista do grupo Terbutalina, agora tamén poeta editorializado. E, así, unhas veces son Otero Pedrayo ou Ferrín ou Kafka os referenciados e outras Rosalía (“adiós ríos adiós fontes/ de que chegue a casa xa vos dou unha perdida”), Reixa (“etiopía ten fame/ comeuno todo antón”) ou Celso Emilio (“Eu non son o rei de min mesmo;/ non me goberno nin me decreto/ e camiño mirando o chan ou o ceo...”) os actualizados na reescrita.

Mais tamén se comprace a estética de París en camiñar ao desvío e insiste na mestizaxe interartística, onde ten cabida tanto a linguaxe publicitaria (“nove de-ca-da-dez-de-ca-dentistas/ recomendan/ colgarte”) coma o mundo musical (Fermín Muguruza, Xurxo Souto, Kortatu, Black Sabbath, Sabina, The Sonics, Sepultura, Elvis...).

Se a todo o anterior sumamos unha manifesta preferencia pola hibridación idiomática (con versos amalgamados nunha elaborada sucesión de expresións inglesas, francesas, castelás e galegas) e, sobre todo, a aposta polo prosaísmo, os disfemismos e o léxico procaz e pornográfico (que ten en Lucía Lapiedra ou Michelle Wild as súas particulares Erato e Calíope) entenderemos mellor o irreverente espazo poético no que alenta París.

Doutra parte, todo *inflamable* fai por canxar as alternancias entre os versos curtos de poesía twitter (definitoria, paragregueresca) cos poemas máis extensos e as prosas poéticas, algúns deles cunha estrutura tríade (composicións nas que poden descubrirse tres textos nun a través da selección da lectura das palabras en letra regular, as grafadas en maiúsculas ou as destacadas en negra) e outros arremuiñados en series líricas (como a dedicada a Jim Morrison).

A descrición do conxunto completárase cos ben numerosos xogos gráficos que, nalgún caso concreto (poño por caso, “Diagrama: o fluxo poético eficientemente procrastinador —bucle infinito—“), constitúen verdadeiros textos verboicónicos, moi próximos ao poético visual. Do mesmo xeito, tamén hai unha dilección evidente polo ludismo parainfantil non politicamente correcto (“luis de góngora y argote/ marica o que non bote”) e a brincadeira chistosa e tabernaria de gusto dubidoso (“cómesma/ e contas vinte”), aos que se engade o emprego profuso de

epanalepses, epanadiploses, poliptotos, similicadencias, calembures, silepses, diáforas e demais figuras retóricas que martelan con enxeño estes versos.

Herdeiro, *malgré lui*, dos Rompente de *Upalás*, dos Ronseltz de *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados*, mesmo de referentes de promocións inmediatamente anteriores como o Igor Lugrís de *Mongólia*, o Carlos Negro de *Far West* ou o Calros Solla do *Holocausto zaoe*, este *inflamable* de Samuel L. París vén confirmar que a nosa escrita satírica segue a gozar de boa saúde e que nesta obra —como anuncia a súa propia contracuberta— “a literatura ~~pode~~ debe arder”, pero que con tal poética terbutalina non hai obstrución pulmonar antilectora que se resista.

[Publicado no xornal dixital *Galicia Confidencial*, 13-6-2012]



This entry was posted in [Crítica literaria](#), [Poesía galega actual](#) and tagged [Editorial Positivas](#), [inflamable](#), [Poesía galega actual](#), [Samuel L. París](#). Bookmark the [permalink](#).  
[Olark Livehelp](#)

---

**Criticalia**

Proudly powered by [WordPress](#).

Podcast powered by [podPress \(v8.8 / v8.8.5.3\)](#)